PROGRAMACIÓN DOCENTE DE INSTRUMENTO PRINCIPAL II (CLARINETE)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

CURSO 2023/24

| **1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN** | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **DISCIPLINA*:* INSTRUMENTO PRINCIPAL II (CLARINETE)** | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | PEDAGOXÍA | | | | | | | | ITINERARIO | PEDAGOXÍA XERAL E DA LINGUAXE MUSICAL |
| CARÁCTER | MATERIAS OBRIGATORIAS ESPECÍFICAS | | | | | | | | TIPO DE CLASE | INDIVIDUAL |
| DEPARTAMENTO | VENTO MADEIRA | | | | | | | | XEFE/A DE DPTO. | ISMAEL VAQUERO BAQUERO |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA | MARTA SANCHO ANDRÉS |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 1H |
| ECTS/CUAD. | - | 6 | - | - | - | - | - | - | Observacións: | |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | TITORÍA |
| | Marta Sancho Andrés | | | | | | | | msanchoclarinet@gmail.com | Mércores de 9:00 a 10:00 h. |

| **2. DESCRITOR E COMPETENCIAS** | |
|---|---|
| DESCRITOR: | Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Coñecementos adquiridos no cuadrimestre anterior. |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | Desenvolvendo un estilo propio como intérprete e con madurez creativa mediante uns hábitos e técnicas de estudo adecuados e valorando criticamente o traballo. Tamén se pretende acadar unha preparación adecuada para a interpretación en público e un coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento. |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | **T1** Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.<br>**T2** Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala axeitadamente.<br>**T3** Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.<br>**T6** Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.<br>**T15** Traballar de xeito autónomo e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. |
| COMPETENCIAS XERAIS: | **X1** Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido axeitadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.<br>**X3** Producir e interpretar axeitadamente a notación gráfica de textos musicais.<br>**X6** Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel axeitado ao seu eido principal de actividade.<br>**X11** Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras |

| | |
|---|---|
| | tradicións. Recoñecer os trazos estilísticos que caracterizan dito repertorio e poder describilos de xeito claro e concreto.<br>**X21** Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos, tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.<br>**X24** Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS | **EP4** Expresarse musicalmente co seu instrumento dun xeito fundamentado no coñecemento e dominio da técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas. |
| Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro. Anexo II | |

| **3. OBXECTIVOS (RESULTADOS DE APRENDIZAXE)** | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| 1. Acadar o nivel técnico que permita ao alumno tocar as obras adecuadas ao repertorio mínimo deste curso. | T2, T3, X1, X3, X6, EP4 |
| 2. Coñecer e adecuar as súas interpretacións ás convencións estilísticas de cada estilo. | T3, X3, X6, X11, X21, T2 |
| 3. Valorar a importancia da constancia no estudo como medio indispensable para desenvolver as destrezas propias dun intérprete profesional. | T1, T3, T15, X24, EP4 |
| 4. Acadar un nivel de autoescoita e autocrítica coma medios para controlar a calidade da súa execución e para progresar como intérprete. | T2, T3, T15, X24, EP4 |

| **4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN *** | | |
|---|---|---|
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1. Elaboración e estudo dun programa formado por obras de diferentes estilos. | 1.1 Estudos de diferentes estilos.<br>1.2 Obras de diferentes estilos.<br>1.3 Autoaprendizaxe como parte principal da formación do intérprete.<br>1.4 Autoavaliación do método de traballo individual. | 2 ⊄<br>14∧ |
| 2. Análise formal e estético das obras traballadas. | 2.1 Contextualización estilística e histórica do repertorio a interpretar.<br>2.2 Análise formal aplicada.<br>2.3 Análise harmónica aplicada. | 14∧ |
| 3. Coñecemento dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical. | 3.1. Coñecemento das diferencias compositivas, tanto nas distintas épocas como nas distintas escolas de composición.<br>3.2. Iniciación á aplicación práctica dos recursos sonoros de vangarda dos séculos XX e XXI esixidos no repertorio proposto durante o curso. | 14∧ |
| 4. Traballo específico e pormenorizado dos diferentes elementos musicais | 4.1 Respiración, recursos e exercicios.<br>4.2 Sonoridade como base da interpretación.<br>4.3 Escalas, arpexos, exercicios diarios como base imprescindible para unha correcta interpretación.<br>4.4 Articulación (diferentes tipos de picados, ligados, acentos, combinación dos mesmos e traballo axeitado para os mesmos) | 16 ⊄ |

| | | |
|---|---|---|
| | 4.5 O fraseo. Aplicación das variedades de articulación e combinacións posibles de sonoridade.<br>4.6 Desenvolvemento de exercicios específicos a partir das dificultades ou necesidades atopadas nunha obra ou estudio. | |
| 5. Desenvolvemento da memoria musical. | 5.1 Memorización de exercicios técnicos.<br>5.2 Memorización de pasaxes musicais. | 14∧ |
| 6. Preparación para a actuación en público. | 6.1 Interpretación en público (convencións e dificultades).<br>6.2 Preparación e realización de probas e audicións de forma autónoma. | 8∧ |
| *Temas aos que se adicará unha sesión completa ⊄<br>*Temas aos que se adicará parte de cada unha das sesións ∧ | TOTAL SESIÓNS: | 16 |

* Se o número de sesións non coincidira coas propostas por causas de calendario, adaptaranse os contidos ás sesión efectivas no curso.

| 5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE | | | |
|---|---|---|---|
| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
| **1. Actividades introdutorias**<br><br>1.1 Toma de contacto (presentación e recuperación de información). Actividade de toma de contacto entre profesor/a e alumno/a. O profesor/a adicará as sesións a coñecer, preguntar e propor, así como a autoavaliar o proceso en función dos resultados. O profesor determinará o nivel de partida do/da alumno/a. | 1,5 | 0 | 1,5 |
| **2. Actividades de ensino aprendizaxe**<br><br>**2.1. Reforzamento e consolidación do traballo**. Actividades na que se traballará sobre competencias xa adquiridas para o reforzamento das mesmas e como paso previo ao salto posterior cualitativo e cuantitativo en cada un dos temas propostos.<br><br>**2.2. Elaboración e reelaboración da información.** Actividade de reflexión (conxunta na aula e posteriormente individual do alumno/a) e acción tanto no eido técnico como interpretativo. O alumno/a será guiado técnica e interpretativamente na aula en cada sesión, requiríndolle en sucesivas sesións a posta en práctica da reflexión, elaboración e reelaboración tanto de exercicios técnicos como interpretativos que o conduzan a unha maior autonomía na resolución de problemas no desenvolvemento do feito interpretativo. | 8 | 81 | 89 |
| **3. Práctica individual.** Actividade individual do alumno/a na que practicará todos os contidos traballados en clase tratando de acadar os obxectivos descritos na programación. | 7 | 81 | 88 |
| **4. Actividades complementarias e extraacadémicas**. Participar nas audicións e concertos do instrumento se o profesor/a o considera oportuno. | 0 | 2 | 2 |
| | | TOTAL HORAS: | 180 |

| 6. AVALIACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **COMPETENCIAS AVALIADAS** | **PONDERACIÓN** |
| **6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA** | | | |
| **6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)** | | | |
| Asistencia ás clases e aproveitamento das mesmas que será rexistrado nun diario de aula, xunto coas cualificacións correspondentes aos criterios de avaliación deste epígrafe, en cada sesión. | O alumno/a:<br>-Amosará interese pola disciplina, así como unha correcta actitude na clase, receptiva ás indicacións do/a profesor/a.<br>-Amosará capacidade para argumentar e expresar verbalmente o seu punto de vista e a comprensión do material traballado. | T1, T2, T3, T6, T15, X24 | 10,00% |
| Seguimento diario da evolución na técnica e interpretación co instrumento que será rexistrado nun diario de aula, xunto coas cualificacións correspondentes aos criterios de avaliación deste epígrafe, en cada sesión. | O alumno/a:<br>-Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.<br>-Controlará e amosará fluidez na dixitación.<br>-Executará o ritmo de forma precisa e segura.<br>-Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.<br>-Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.<br>-Interpretará o repertorio con control das dinámicas.<br>-Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.<br>-Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.<br>-Amosará capacidade de concentración e autocontrol. | Todas | 60,00% |
| Traballos complementarios individuais e seguimento do estudo e traballo autónomo do alumnado en relación ao material aportado polo profesorado. Este traballo será rexistrado nun diario de aula, xunto coas cualificacións correspondentes aos criterios de avaliación deste epígrafe, en cada sesión. | -Preparará a totalidade dos contidos acordados co profesorado na sesión anterior.<br>-Amosará na sesión o rendemento adquirido no estudo diario. | T1, T2, T3, T6, T15, X24, EP4 | 30,00% |
| **6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)** | | | |
| Exame que constará de 3 partes, as cales se describen a continuación: | | | |
| - Interpretación a primeira vista dunha peza, acorde ao nivel do/a alumno/a, proposto polo/a profesor/a.<br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br>- Executará as notas da partitura proposta de forma axustada.<br>- Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.<br>- Interpretará de forma correcta os signos de articulacións da partitura.<br>- Interpretará de forma correcta os signos de expresión e dinámicas indicados no texto.<br>- Elexirá un tempo axustado ás indicacións propostas polo/a compositor/a. | Todas | 20,00% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - Interpretará os textos de forma fluida e con estabilidade na lectura. | | |
| - Improvisación como acompañante dunha melodía proposta polo/a profesor/a.<br><br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br><br>- Interpretará un acompañamento axustado aos acordes subxacentes na melodía proposta.<br><br>- Interpretará a improvisación de forma fluida e estable.<br><br>- Variará o ritmo en función do estilo e cadencias da melodía proposta.<br><br>- Axustará o acompañamento aos signos de expresión e dinámica da melodía proposta.<br><br>- Amosará capacidade de concentración, madurez e autocontrol.<br><br>- Amosará control postural, da respiración e xestionará a ansiedade escénica. | Todas | 20,00% |
| - Interpretación dun estudio e máis unha obra, a elixir de entre o repertorio proposto polo/a profesor/a.<br><br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br><br>- Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.<br><br>- Controlará e amosará fluidez na dixitación.<br><br>- Executará o ritmo de forma precisa e segura.<br><br>- Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.<br><br>- Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.<br><br>- Interpretará o repertorio con control das dinámicas.<br><br>- Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.<br><br>- Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.<br><br>- Amosará capacidade de concentración, madurez e autocontrol.<br><br>- Amosará control postural, da respiración e xestionará a ansiedade escénica. | Todas | 60,00% |
| **6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)<br>*(Alumnos que superen as 3 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)** | | | |
| Exame que constará de 3 partes, as cales se describen a continuación. | | | |
| - Interpretación a primeira vista dunha peza, acorde ao nivel do/a alumno/a, proposto polo/a profesor/a.<br><br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br><br>- Executará as notas da partitura proposta de forma axustada.<br><br>- Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.<br><br>- Interpretará de forma correcta os signos de articulacións da partitura.<br><br>- Interpretará de forma correcta os signos de expresión e dinámicas indicados no texto.<br><br>- Elexirá un tempo axustado ás indicacións propostas polo/a compositor/a.<br><br>- Interpretará os textos de forma fluida e con estabilidade na lectura. | Todas | 20,00% |
| - Improvisación como acompañante dunha melodía proposta polo/a profesor/a.<br><br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación | O alumno/a:<br><br>- Interpretará un acompañamento axustado aos acordes subxacentes na melodía proposta. | Todas | 20,00% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | - Interpretará a improvisación de forma fluida e estable.<br>- Variará o ritmo en función do estilo e cadencias da melodía proposta.<br>- Axustará o acompañamento aos signos de expresión e dinámica da melodía proposta.<br>- Amosará capacidade de concentración, madurez e autocontrol.<br>- Amosará control postural, da respiración e xestionará a ansiedade escénica. | | |
| - Interpretación dun estudio e máis unha obra, a elixir de entre o repertorio proposto polo/a profesor/a.<br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br>- Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.<br>- Controlará e amosará fluidez na dixitación.<br>- Executará o ritmo de forma precisa e segura.<br>- Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.<br>- Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.<br>- Interpretará o repertorio con control das dinámicas.<br>- Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.<br>- Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.<br>- Amosará capacidade de concentración, madurez e autocontrol.<br>- Amosará control postural, da respiración e xestionará a ansiedade escénica. | Todas | 60,00% |
| **6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA** | | | |
| Exame que constará de 3 partes, as cales se describen a continuación. | | | |
| - Interpretación a primeira vista dunha peza, acorde ao nivel do/a alumno/a, proposto polo/a profesor/a.<br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br>- Executará as notas da partitura proposta de forma axustada.<br>- Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.<br>- Interpretará de forma correcta os signos de articulacións da partitura.<br>- Interpretará de forma correcta os signos de expresión e dinámicas indicados no texto.<br>- Elexirá un tempo axustado ás indicacións propostas polo/a compositor/a.<br>- Interpretará os textos de forma fluida e con estabilidade na lectura. | Todas | 20,00% |
| - Improvisación como acompañante dunha melodía proposta polo/a profesor/a.<br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br>- Interpretará un acompañamento axustado aos acordes subxacentes na melodía proposta.<br>- Interpretará a improvisación de forma fluida e estable.<br>- Variará o ritmo en función do estilo e cadencias da melodía proposta.<br>- Axustará o acompañamento aos signos de expresión e dinámica da melodía proposta.<br>- Amosará capacidade de concentración, madurez e autocontrol. | Todas | 20,00% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - Amosará control postural, da respiración e xestionará a ansiedade escénica. | | |
| - Interpretación dun estudio e máis unha obra, a elixir de entre o repertorio proposto polo/a profesor/a.<br><br>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica. | O alumno/a:<br><br>- Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.<br><br>- Controlará e amosará fluidez na dixitación.<br><br>- Executará o ritmo de forma precisa e segura.<br><br>- Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.<br><br>- Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.<br><br>- Interpretará o repertorio con control das dinámicas.<br><br>- Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.<br><br>- Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.<br><br>- Amosará capacidade de concentración, madurez e autocontrol.<br><br>- Amosará control postural, da respiración e xestionará a ansiedade escénica. | Todas | 60,00% |

**Observacións:** No caso da avaliación continua, aínda que se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas, poderase realizar un exame ao final do cuadrimestre, en caso de querer obter unha cualificación superior á conseguida coa media resultante da avaliación diaria. O exame será o mesmo que para a avaliación alternativa e a extraordinaria. Nese caso, a cualificación final, será a nota media entre a resultante da avaliación continua e a obtida no exame realizado.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaínte

A Mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa Matrícula de Honra.

**Para a obtención da Matrícula de Honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en tres lecturas a primeira vista e tres transportes, e será xulgada polo profesorado do itinerario de clarinete.**

## 8. RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

Dado o carácter individualizado desta materia, todos os recursos bibliográficos, web, vídeos, audios, etc. necesarios para o desenvolvemento da mesma, serán compartidos a través da aula virtual con cada alumno/a en función das súas necesidades e o seu nivel técnico co clarinete.